



Asunto: Contratación de dous administrativos como persoal laboral temporal por acumulación de tarefas
EXPEDIENTE: 2020/G003/000120 **EXPTÉ. ORIXE:** 2020/X999/000122

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, don Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o informe emitido pola Xerencia de data 13 de maio de 2020, en relación á necesidade de reforzo dos servizos administrativos mediante a contratación de persoal administrativo a través de contratos por acumulación de tarefas, por un período de seis meses, durante os cales se poida levar a cabo a aprobación definitiva da relación de postos de traballo, aprobación da oferta de emprego público e convocatoria das prazas relativas aos novos postos obxecto de creación.

Logo de ver a autorización, previa solicitude polo Consorcio de persoal de acordo co previsto no artigo 121 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, da Deputación Provincial da Coruña de data 19.05.2020, para o nomeamento de funcionarios interinos ou contratación de persoal laboral de administrativos por acumulación de tarefas polo período de seis meses a través da bolsa de emprego da que dispón esta entidade.

Logo de ver que mediante Decreto da Presidencia 118/2020 de data 28.07.2020 apróbase a convocatoria do proceso de selección de dous administrativos, como persoal laboral temporal, a través de contratos por acumulación de tarefas, por un período de seis meses.

Logo de ver as actas das reunións realizadas durante os días 30 e 31 de xullo do presente, nas que se levaron a cabo as entrevistas e valoración dos méritos aportados polos aspirantes, de conformidade co Decreto anteriormente mencionado; e, formulada proposta para a contratación de dúas administrativas como persoal laboral, por un período de 6 meses, mediante contrato de acumulación de tarefas.

Ao abeiro da mencionada proposta e de acordo coa convocatoria do proceso de selección, mediante o presente

RESOLVO :

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe de puntuación do proceso de selección para a contratación de dous administrativos, como persoal laboral temporal, a través de contratos por acumulación de tarefas, por un período de seis meses, e ordenados por orde de maior a menor puntuación obtida no proceso selectivo:

| Nome | Puntuación |
|---------------------------------|------------|
| PARDIÑAS SILVEIRA SONIA | 10,63 |
| FERNÁNDEZ AMEAL ANA | 10,00 |
| COLLAZO GARCÍA BEATRIZ | 9,00 |
| GONZÁLEZ RIOBO CARLOS VICENTE | 8,50 |
| TRABADA NOGUEIRA MANUEL ANTONIO | 7,74 |
| MARTINEZ SANCHEZ SANDRA | 7,00 |
| LAGE CANCELA PATRICIA | 6,00 |
| PÉREZ QUIZA FRANCISCO JAVIER | 6,00 |
| VAZQUEZ SANCHEZ MARY | 5,85 |
| LENDOIRO ESMORIS MARIA TERESA | 5,40 |
| TASENDE GONZALEZ MARIA CARMEN | 5,00 |
| ANTELO BARREIRO RAQUEL | 4,50 |
| BLANCO FERREIRO MARIA TAMARA | 4,50 |
| PARDIÑAS RODRIGUEZ JORGE | 4,00 |
| CANCELA TAIBO MARIA DEL CARMEN | 3,50 |
| FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ LUZ MARIA | 3,50 |
| GARCIA REYES MARIA JOSEFA | 3,50 |
| PASTORIZA GARCÍA MARIA JOSÉ | 3,50 |
| FRAGA VAZQUEZ SILVIA | 3,00 |
| MATA LEIS AMANDA | 3,00 |
| POSE RODRIGUEZ MARIA ERMITAS | 3,00 |
| RODO QUEIJAS CRISTINA | 0,50 |



SEGUNDO.- Facer pública a listaxe aprobada no apartado anterior mediante anuncio que se inserirá no Taboleiro de anuncios do Consorcio e na páxina web do Consorcio.

TERCEIRO.- Requirir, ás aspirantes propostas na acta da reunión da fase de entrevista e valoración de méritos que se realizaron os días 30 e 31 de xullo, e que se detallan a continuación, por ser as dúas candidatas que obtiveron a maior puntuación, para que no prazo de tres (3) días naturais, contados dende que se faga público o resultado da listaxe aprobada no apartado primeiro, acheguen os documentos acreditativos de que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos no punto 1 da convocatoria:

| DNI | Apelidos e nome | Puntuación |
|-----------|-------------------------|------------|
| **1676*** | PARDIÑAS SILVEIRA SONIA | 10,63 |
| **0821*** | FERNÁNDEZ AMEAL ANA | 10,50 |

CUARTO.- Acordar que os resto dos aspirantes queden como reserva, para poder facer sucesivos chamamentos, no caso de que algún dos dous postos quedara vacante durante o período de contratación, xa sexa por renuncia da persoal titular ou por calquera dos supostos de incapacidade temporal.

QUINTO.- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

En Carballo, na data da sinatura dixital

O presidente,

Asdo.: Valentín González Formoso

A secretaria interventora,

Asdo.: M^a Graciela Riveiro Moreira